

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

28 de xuño de 2026

1. CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA

Na cidade de Vigo, sendo as 11:10 horas do día 28 de xuño de 2026, reúnese en sesión ordinaria a Asemblea Xeral da Federación Galega de Balonmán, no salón de actos da Casa do Deporte, sito na rúa Fotógrafo Luís Ksado, número 17, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas, cuxa relación nominal se recolle na táboa seguinte:

Nº	Nome e apelidos	Nº	Nome e apelidos
1	CARLOS RESCH ZAFRA (OAR CIUDAD 1952)	24	MARÍA IRENE VILABOA FERNÁNDEZ (BALONMÁN MOAÑA)
2	MONSE REY SALORIO (BALONMÁN ATLÁNTICO)	25	IAGO GARRIDO VILAR (BALONMÁN POIO ARTAI)
3	DARIO OTON HERMIDAS (BM. CULLEREDO)	26	ABEL ESTÉVEZ CARRERA (BM. PORRIÑO)
4	JESUS ABEL VALCARCEL GARCÍA (BM. LÍNEA 21)	27	JOSE JOAQUIN RIAL GONZÁLEZ (BM. RECONQUISTA VIGO)
5	MARIA TORRENTE RODRÍGUEZ (BM.NARÓN)	28	VICTOR MANUEL DORADO REY (BM. SEIS DO NADAL COIA)
6	OSCAR ALLEGUE IGLESIAS (BM. PONTEDEUME)	29	AGUSTÍN MARTINEZ BARROS (BALONMÁN TUI)
7	EZEQUIEL ÁLVAREZ CASTRO (BM. RIBADOSAR)	30	MANUEL CASTRO OTERO (BUEU ATLÉTICO BM.)
8	MIGUEL ÁNGEL BARBEIRA (BALONMÁN XALLAS)	31	SANTAIGO PICALLO BUA (CISNE BALONMÁN)
9	MANUEL GIL-RIVERA GARCIA (ARTEIXO BM.)	32	JOSE MANUEL PIÑEIRO OTERO (LUCEROS)
10	JOSE ANTONIO RODRÍGUEZ FRAGA (EBM. XIRIA)	33	AURELIO KROOK MOLDES (SAR)
11	MIGUEL L. RDGUEZ SUÁREZ (FEM. BM. BRIGANTIUM)	34	ANDRÉS SENRA PREGAL (S.D. ATL. NOVÁS)
12	RAFEL FERNÁNDEZ DE BURGOS (E. BM. RIBADAVIA)	35	FRANCISCO JAVIER DOMÍNGUEZ PÉREZ (S.D. TEUCRO)
13	VICTOR NOVOA CARRERA (BALONMÁN MIÑO)	36	WALLACE MOREIRA DE SALLES (SANXENXO BALONMÁN)
14	IVÁN REINALDO VALLEJO (D. C. RIBEIRO)	37	ANDREA REBOIRAS BARREIRO (BM. SAMERTOLAMEU)
15	SILVIA LOBATO LIMERES (ASMUBAL MEAÑO)	38	ANTÍA ESTÉVEZ ROMÁN (VEBA)
16	ISABEL QUIÑOIA REGUEIRO (A.D. CARBALLAL)	39	FRANCISCO J. ABALDE CARIDE (UNIÓN BM. LAVADORES)
17	JAVIER L. MORILLO-VELARDE (BM. AROUSA)	40	HENRIQUE GABRIEL LOURENÇO (DEPORTISTAS)
18	JESÚS LÓPEZ GONZÁLEZ (BM. ATL. GUARDÉS)	41	AIDA BARROS SEOANE (DEPORTISTAS)
19	ORLANDO GALIÑANES REBOUZA (BM. CANGAS)	42	ANXO OTERO SIEIRO (ADESTRADORES)
20	MARCOS CARRERA GARCÍA (BM. CAÑIZA)	43	PABLO BARREIRO SUÁREZ ÁRBITROS/AS)
21	RUBÉN FRAMIÑÁN DÍAZ (BALONMÁN CASELAS)	44	VICTOR RIVERA DIZ (ÁRBITROS/AS)
22	MARIA GONZÁLEZ LAGO (BALONMÁN CHAPELA)	45	LUIS FERNÁNDEZ COUÑAGO (ÁRBITROS/AS)
23	BERTA GONZALEZ CASARES (BM. LALÍN)		

Apertura da sesión

Dá comezo a sesión Ignacio Permuy Varela, na súa condición de presidente da Comisión Xestora da federación, quen dá a benvida ás persoas asistentes conforme aos prazos do decreto regulador. Sométese á asemblea a posibilidade de que as persoas acompañantes permanezan na sala, sen que se formule obxección.

O presidente da Comisión Xestora explica que, debido ao calendario electoral en curso e á necesidade ineludible de aprobar as contas do exercicio 2025 e os acordos da tempada 2026-2027 dentro dos prazos legais, a Comisión Xestora solicitou autorización expresa á Xunta de Galicia para convocar e desenvolver a presente asemblea. Esta autorización foi concedida por escrito, o que permitiu tratar nun único día tanto a orde do día electoral coma a aprobación das contas anuais, en cumprimento da Lei do Deporte.

Propónse a continuación que sexa Bruno López Molina —candidato único á presidencia e persoa que ata o momento dirixiu a anterior xunta directiva da federación— quen, por xustiza e coherencia coa súa traxectoria, asuma a dirección da asemblea en substitución do presidente en funcións, malia os prazos previstos no decreto, sinalándose que a asemblea ostenta soberanía propia para decidir sobre este punto. Consultados os asembleístas, a asemblea móstrase conforme. Bruno López Molina agradece á mesa electoral, á asemblea e á Comisión Xestora, aclara que asume a dirección da orde do día e dispón o inicio do informe de presidencia, solicitando á Comisión Xestora que interveña en caso de discrepancia.

2. INFORME DE PRESIDENCIA

2.1. Competicións autonómicas e Ligas Prata

As Ligas Ouro e as competicións autonómicas desenvolvéronse con normalidade, malia a previsibilidade habitual de 3-4 clubs candidatos ao título e a forte dependencia do calendario das federacións española, europea e internacional. Hai un par de tempadas reduciuse a Liga Ouro a 10 equipos para simplificar a xestión. Nas Ligas Prata, o formato de proximidade xeográfica da primeira volta resultou “inasumible” para algúns clubs e tivo que modificarse a metade de curso; este ano preséntase unha nova proposta para axustar o formato ás tres realidades existentes: clubs de rendemento, clubs de captación tardía e equipos B/filiais.

2.2. Oferta competitiva, torneos de base e 5x5

Organizouse con éxito un torneo de base sen resultados públicos, agradecéndose a colaboración do Concello e do Club Balonmán Porriño. Mantense o 5x5 de Balonmán na Rúa coas Deputacións de Pontevedra e A Coruña. A Deputación da Coruña cambia o seu modelo de exclusividade por varias licitacións separadas, xerando un problema de coordinación entre provedores; a federación opta por un convenio como solución intermedia para 2026 (orçamento aproximado de 151.000 € na Coruña e 50.000 € en Pontevedra).

2.3. Final Four e política de prezos

As Final Four consolidáronse cun impacto económico positivo (mínimo de 7.000-8.000 € de taquilla por sede para o club organizador), aínda que as instalacións actuais resultan xa insuficientes ante o aforo crecente. Revisaranse as bases de organización con criterios de rotación territorial e transparencia, e contemplaranse novos requisitos para eventos de máis de 1.000 espectadores. Deféndese manter o prezo de 10 € por 8 partidos e ofrecer streaming como alternativa.

2.4. Resultados deportivos da tempada

Destácanse o título de EHF Cup do Mecalía Atlético Guardés, as semifinais de Liga do Porriño, a permanencia do Cangas e as boas tempadas de Cisne e OAR en Prata. Houbo fase de ascenso do Mecalía Atlético Novás e do Bm. Cañiza, e descensos do Carballal (Ouro feminina), Porriño, Cañiza e Ribeiro na Prata feminina e na primeira nacional masculina. Luceros colocou tres equipos no top-8 nacional e o Bueu entrou no top-8 cadete masculino.

2.5. Incerteza sobre prazas nacionais e Asemblea Española

Persiste unha grande incerteza sobre a adxudicación de prazas nacionais (Cañiza, Ribeiro, Poio Artai e, en feminino, Lavadores), con criterios cambiantes segundo a data de renuncia por parte da Federación Española. Esperase que na próxima semana se aclaren as prazas xa que afectan directamente ás competicións autonómicas.

2.6. Acordos da Española, axudas e seguro deportivo

Na Asemblea Española aprobouse reubicar unha praza europea de ASOBAL (do terceiro clasificado de liga ao subcampión de Copa), incrementar tarifas arbitrais de ASOBAL e sancionar notablemente a ausencia de streaming obrigatorio aos clubs nacionais, con sancións progresivas por incumprimento. Denúncianse graves deficiencias no reparto de axudas españolas (a federación galega foi a segunda que menos recibiu), e segue en debate o modelo de distribución das subvencións territoriais e dos CESA 2026-2027. No seguro deportivo, destácase a boa xestión de ITegra malia a elevada sinistralidade (49,52% en urxencias) e a falta de clínicas de fisioterapia en zonas densas; a aseguradora Everest, cun déficit de máis de 120.000 €, será substituída por MetLife ou Allianz.

2.7. Persoal, xunta directiva e proceso electoral

A federación traballa cunha estrutura de 9,5 traballadores, sobrepasada polo volume de actividade externa; incorporárase Andrés Rosendo como responsable arbitral desde agosto de 2026. Anúncianse cambios na xunta directiva e comités disciplinarios. O proceso electoral cualifícase de “despropósito” burocrático, indícase que xerou parálise administrativa e aclárase que a toma de posesión non poderá producirse até o 6 de xullo de 2026.

2.8. Eventos internacionais, promoción e financiamento

Negóciase a organización de Supercopas Ibérica e de España (condicionadas á viabilidade económica) e dun partido España-Portugal en novembro de 2026. Lánzase un proxecto piloto de identidade común para as competicións autonómicas e un programa de Deporte Escolar que xa chegou a case 3.000 nenos e nenas. Anúnciase tamén unha reformulación da xestión do colectivo arbitral, recoñecendo deficiencias na estratexia seguida até a data.

2.9. Memoria económica do exercicio 2025

O exercicio 2025 pecha cun beneficio de 7.825 € e un fondo de manobra positivo de 297,31 €, nun contexto de tensións de liquidez derivadas do retraso no pagamento a provedores (até 90 días) e do desfase entre a execución de actividades e o cobro de subvencións, contratos ou patrocinios. A federación segue sendo a única en España que paga as arbitaxes mensualmente e en prazo, asumindo o 100% do seu custo nas categorías de base. En decembro de 2025 adquiriuse un vehículo federativo cunha subvención específica da Xunta. A dirección continuará analizando vías de redución de gasto e xeración de novos ingresos para estabilizar as contas, nun contexto de urxencia derivado da obriga legal de aprobar as contas antes do 30 de xuño.

Ás 12:05, antes de comezar coas propostas, o representante do Bm. Reconquista de Vigo abandonou a asemblea, quedando un total de 44 asembleístas.

3. PROPOSTAS, DEBATE E VOTACIÓNS

Recóllense a continuación as propostas sometidas a votación, indicándose para cada unha o resultado obtido (votos a favor, en contra e abstencións) e se resultou ou non aprobada.

Contas do exercicio 2025

Sométese a votación dos 43 assembleístas presentes a aprobación das contas do exercicio 2025, previamente expostas no informe económico.

VOTOS A FAVOR 43	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Memoria de actividades

Remitido previamente o detalle das actividades realizadas, destácase ter chegado a case 9.000 nenos e nenas a través de programas escolares e o 5x5.

VOTOS A FAVOR 44	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Código de Conduta

Establece o réxime disciplinario (faltas leves, graves e moi graves) e boas prácticas no traspaso de xogadores; solicítase aos clubs que o aproben nas súas propias asembleas para que sexa vinculante para a súa masa social.

VOTOS A FAVOR 43	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 1	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.1 — Artigo 9 (réxime disciplinario)

Amplía os agravantes do réxime disciplinario: a condición de federado, e non só a de directivo, xogador ou afeccionado/a, será agravante ante condutas indebidas.

VOTOS A FAVOR 44	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.2 — Artigos 32 e 33

Diferencia, a partir de 601 €, os tramos de sanción económica grave e moi grave, que antes coincidían no límite de 600 €.

VOTOS A FAVOR 44	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.3 — Sancións a adestradores

Unha sanción a un adestrador esténdese a todas as súas funcións en calquera equipo do club, cumpríndose integralmente na categoría onde se impuxo.

VOTOS A FAVOR 44	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.4 — Corrección do artigo 37

A ausencia de adestrador pasa a rexerse polo Regulamento de Réxime Disciplinario, e non polo NOREBA-GA.

VOTOS A FAVOR 44	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.5 — Artigo 40 e protocolo de ausencias

Actualízase o límite das sancións leves a 150 €, sen efecto retroactivo sobre as sancións históricas de 30 €.

VOTOS A FAVOR 44	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.6 — Artigos 43 e 44 (rexeitamento de designacións)

O primeiro rexeitamento non xustificado dunha designación arbitral pasa de falta moi grave a leve; o segundo ou posteriores será falta grave. Os rexeitamentos xustificados non son sancionables.

VOTOS A FAVOR 43	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 1	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Propostas 4.7 e 4.8 — Artigos 50 e 53 (aliñación indebida)

Elimínase o concepto de “má fe”. A aliñación indebida de técnicos leva só sanción económica; a de xogadores/as leva sanción económica máis perda do partido por 10-0, con posible resta de puntos en caso de reincidencia.

VOTOS A FAVOR 44	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.9 — Artigo 54 (control do tanteo)

Tipifícase como infracción leve o incumprimento, polos oficiais, da obriga de levar o control do tanteo.

VOTOS A FAVOR 43	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 1	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.10 — Horario das últimas xornadas

Permítese xogar os partidos sen incidencia clasificatoria no horario que conveña ao club local, para evitar conflitos de programación.

VOTOS A FAVOR 44	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Propostas 4.11 e 4.12 — Mínimo de licenzas (artigos 35 e 24)

Tras un extenso debate sobre o cómputo de licenzas e a viabilidade dos equipos base, apróbase de forma unificada un mínimo de 10 licenzas para inscribir un equipo sénior, de 7 para o resto de categorías, baixando a obrigatoriedade da presenza en acta de 10 xogadores/as en categoría xuvenil e 8 no resto de categorías.

VOTOS A FAVOR 38	VOTOS EN CONTRA 5	ABSTENCIÓNS 1	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.13 — Certificados para subvencións municipais

Formálizase que os certificados solicitados polos clubs para tramitar subvencións non serán cobrados, mentres que o resto de certificados persoais para federados/as manteñen un custo de 10 €.

VOTOS A FAVOR 40	VOTOS EN CONTRA 1	ABSTENCIÓNS 1	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.14 — Adianto do prazo de renuncia de equipos

O prazo de renuncia de equipos adiántase do 15 ao 10 de xullo de 2026, afectando principalmente á Primeira Autonómica.

VOTOS A FAVOR 41	VOTOS EN CONTRA 1	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Proposta 4.15 — Quilometraxe arbitral (proposta retirada)

O colectivo arbitral propuxo subir a tarifa de quilometraxe a 0,26 €/km (fronte aos 0,22 € actuais), votando en falla dende a Comisión Xestora da federación, un estudo do impacto económico que podería ter para a federación e abrindo un debate sobre a comparativa con outras federacións, as incidencias actuais na solicitude dos gastos arbitrais e a realidade actual do colectivo. En representación dos árbitros/as, Luís retira a proposta a cambio do compromiso da federación de abordar a cuestión antes do 31 de decembro de 2026.

VOTOS A FAVOR 0	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 0	RESULTADO RETIRADA
---------------------------	-----------------------------	-------------------------	------------------------------

Nota: ao ser retirada antes da votación formal, esta proposta non foi sometida a votación nin aprobada nesta sesión.

Proposta 4.16 — “Noreba de Praia”

Apróbase a nova normativa específica para balonmán praia, cun documento de partida sobre o que traballar no futuro.

VOTOS A FAVOR 36	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 6	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	-------------------------------------

Proposta 5.1 — Formato da Copa Galicia Masculina

A Copa Galicia Masculina pasa a incluír só os oito mellores equipos de Primeira Nacional da tempada anterior, por falta de datas dispoñibles; a sede prevista é Tui. O formato feminino non se modifica. (Datos confirmadas da Supercopa Galicia: semifinais 22-23 de agosto e final o 30 de agosto de 2026.)

VOTOS A FAVOR 36	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 6	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	-------------------------------------

Proposta 5.2 — Novo formato das Ligas Prata

Mantense a Liga Ouro sen cambios. A Liga Prata pasa a ser autonómica para os 10 mellores clasificados; o resto organízase en Liga Bronce zonal (sempre que haxa un mínimo de 6 equipos por zona). Mantense a Eliminatoria pola Final Four para Prata e acórdase estudar a formar de evitar que tres equipos xa enfrontados na fase de clasificación de Liga Ouro, coincidan no playoff. A fase de clasificación feminina comezará a fin de semana do 22-23 de agosto de 2026.

VOTOS A FAVOR 39	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 1	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	-------------------------------------

3.20. Calendario xeral de competicións 2026-2027

Tras o debate sobre ampliación de equipos en Ouro, incentivos para Bronce e a confirmación da Supertaza Ibérica con Portugal (19-20 de setembro de 2026, sede prevista en A Guarda), sométese a votación o calendario xeral da tempada.

VOTOS A FAVOR 37	VOTOS EN CONTRA 0	ABSTENCIÓNS 2	RESULTADO APROBADA
----------------------------	-----------------------------	-------------------------	-------------------------------------

O calendario resulta aprobado por asentimento xeral, rexistrándose unicamente dúas abstencións.

4. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS


Ábrese a quenda de Rogos e Preguntas, informándose de que poden retirarse libremente as persoas asembleístas sen intervencións que formular.

Preséntase unha idea preliminar de Copa de Clubs para ocupar as xornadas de parón ao final da liga, mediante cruces a ida e volta nos que cada club local escolle as categorías participantes segundo as súas fortalezas, coa

finalidade de proclamar un “campión galego de clubs”. Queda pendente o desenvolvemento da normativa, tendo en conta a disparidade de equipos e categorías entre clubs, e permitindo que cada club decida con qué equipos participa semana a semana. Sen máis asuntos que tratar, ás 14:26 minutos, levántase a sesión, agradecéndose a presenza e participación de todas as persoas asembleístas.



Ignacio Permuy Varela
Presidente da Comisión Xestora da FGBm



Carla Abad Alonso
Secretaria da Comisión Xestora da FGBm